

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de novembro de 2023**

Ás 17.16 horas do día 16 de novembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil, substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 19 de outubro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente dá resposta ás preguntas formuladas na pasada omisión informativa. Respecto á pregunta relativa a querela presentada polo ex-presidente do COB contra a Deputación, responde que a día de hoxe en Asesoría Xurídica non consta notificado emprazamento desa suposta querela. Esa querela non existe polo de agora nesta institución. Respecto aos macroproxectos de campos de fútbol, indica que temos nos orzamentos un millón de euros e están negociando coa xunta a implementación de máis diñeiro, xa que orzou un millón e medio de euros. Intentarán arranxalo o máis rápido posible. Respecto ao outorgamento da medalla de ouro a Xosé Cid, descoñece no que estado está o expediente.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que hai máis dun ano se acordou e descoñece como está o procedemento. Se acordou en outubro de 2022, e desexa coñecer o expediente.

O Sr. presidente di que non lle constaba que fora de setembro de 2022. Por agora non ten ningunha noticia. Comprométese no Pleno a contestar a pregunta.

D.ª María José Mangana Guede, do BNG pregunta pola comisión de patrimonio que se creou o ano pasado e non se volveu xuntar, nin ten continuidade. Pregunta se vai ter continuidade e cando se vai convocar esa comisión de patrimonio.

O Sr. presidente manifesta que responderá no pleno.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, indica que un traballador da Deputación participou nun obradoiro de gaitas en Venezuela e quere saber se a Deputación é coñecedora deste tema. Pregunta en calidade de que participou este traballador, e se supuxo gasto para a Deputación.

O Sr. presidente responde que non coñece do tema.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, fai un rogo, xa que no último pleno o compañeiro Bernardo falou do *speaker* do COB que falaba en habitualmente en español, segue falando en español e tamén o *speaker* da carreira de San Martiño tamén se expresou en español, e roga se lles transmita a estas persoas que nos actos públicos nos que participe este organismo se fale en galego.

O Sr. presidente responde que no caso do San Martiño a Deputación non organizou nada, e respecto ao COB se lle trasladou.

E, ás 17.23 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.